# COUSIÑAS DO NOSO C.R.A.

# REVISTA DAS AMIGAS E AMIGOS DE DANIEL

## C.R.A. DE RIANXO 2021/22



LIMIAR

Entre rías, mares  e océanos,
andivemos este ano,
sempre con Daniel de timonel,
poeta amigo e paisano.

Na aldea de Cuvide,
o ártico foi o favorito,
e da man de Tintín o pingüín,
que chea de aventuras, foi ben bonito!

No Cruceiro  MAR bravío,
e que ARTE nesa escoliña,
de pintura galega foi o tema,
Ai que cousa máis riquiña!

En Outeiro un laboratorio,
oceanoCRAfico ao poder,
investigación de animais mariños,
unha chea deles chegamos a ver!

De Capela chegamos á Palma,
o  volcán estaba a ferver!
E pra axudalos a recomezar,
centos de cousas tivemos que vender.

No Pazo traballos do mar,
familias e amigos viñéronnos contar,
sen esquecernos dos animais en perigo de extinción,
sobre os que en primaria, escribiron un montón!

Chegando a Abuín atopamos,
o cabaliño de mar espiñoso,
e descubrimos que loitando xuntos,
todo será máis proveitoso!

Mentres  o bote pasaba por Rañó,
cantando con calma chicha A Rianxeira,
alí atopamos un tesouro,
e era a caixa viaxeira!

E chegando xa a Quintáns,
pra rematar esta viaxe,
fixemos unha tartaruga laud no areeiro!
que cousa máis salvaxe!
.

E coa barca chea de aventuras,
este ano mariñeiro,
chegou xa ao seu remate,
e foiche máis que festeiro.

De novo puidemos saír,
de viaxe ata A Coruña,
e no acuario e con Gastón,
divertímonos un montón.

E pra rematar este limiar,
por ría, océano ou mar,
agardamos que este ano vos guste,
“Cousiñas do noso CRA”.

# CAPELA SOLIDARIA

O INICIO:

No mes de setembro un volcán entrou en erucion na illa da Palma. Na nosa escola quixemos investigar sobre os volcáns.



















Aprendemos cales eran as partes do volcán
Coñecemos cales eran as capas do planeta terra: núcleo, manto e codia. Tamen aprendemos que o volcán non so expulsa lava, se nón expulsa outras cousas: rochas, gases tóxicos, ríos de lava...









# INVESTIGAMOS E EXPERIMENTAMOS:

Fixemos experimentos para saber como erupcionaban os volcáns.











Tamen vimos como a lava que saía do volcán destruía as casas da illa da Palma e os animais, os parques e as árbores, os Ríos, flores, pontes... e puxémonos moi tristes pensando nas persoas que quedaban sen casas sobre todo nos nenos e nenas.








estivemos contamos os días que o volcán estaba en erupción.

# TEMOS UNHA IDEA. QUEREMOS AXUDAR!!

Entón decidimos facer algo para axudalos, vender chaveiros e portamascarillas para mandarlles diñeiro.



Traballamos con abelorios seguindo secuencias dadas ou inventadas.

Medimos a lonxitude dos portamáscaras.









# ORGANIZAMOS O TRABALLO:

Ás beces caían moitísimas doas ao chan e tiñamos que recollelas e organizalas. Así aprendemos a clasificalas por orde alfabética. Cando se nos acababan os abelorios ou fíos, gomas, etc deixábamoslle notas á profe para que os mercara e escribíamos unha lista da compra.

Tamen fixemos moitísimas matemáticas.

















ALGUNHAS DAS NOSAS ELABORACIONS:

Tamén fixemos chaveiros personalizados — outros con ditos, refráns, folclores, feitos e palabras típicas galegas. Tamén chaveiros violetas polo 25 N e das cores da bandeira de Ucrania. Chaveiros pola PAZ con mensaxes de paz.




















Fixemos algúns con mensaxes contra a violencia de xénero.













Chaveiros e porta marcones pola paz e pola Palma.

# O MERCADILLO:

Fixemos un mercadillo en Rianxo.
Vendemos case todo e recollemos e anotamos encargas.













Contamos o diñeiro que iamos recadando e cobrabamos e dabamos a volta.





# VISIBILIZAMOS O NOSO TRABALLO:

Saimos na tele que veu a gravarnos ao cole
explicamoslle oque faciamos e tamen aproveitar-
mos para facer publicidade e que nos mercaran
màis. 9

En trevistaron á camila.



Realizamos carteis de ofertas e vales de desconto para vender os produtos que non nós mercaran.








# TOMAMOS ALGUNHAS DECISIONS:

Recadamos moita diñeiro.
Pero antes de levar os cartos ao banco empezou a guerra en Ucrania e decidimos axudalos e preguntamos ás familias se lles parecia ben destinar parte da recandacion a Ucrania.
Todos estiveron da acordo.







Tivemos que pidirlle ás familias que nos cambiaran as moedas por billetes porque no banco non aceptaban moedas.
Fixemos nos todos os cambios.













# VISITAMOS O BANCO:

Decidimos a ONG pola que queriamos enviar o diñeiro.

Levamos os cartos ao banco.




Tamen fixcemos unha nota de prensa para contar que xa enviaramos os catos á Palma e Ucrania.
Pero perdemola e non saimos no xornal.

MARCO

Estamos todas e todos orgullosos do noso traballo.
e moi contentos por poder axudar

ENZO IRIA Lía. Selene MATEO YULIA

Virginia YADE Ángela Elena NOA

Manuel AIRELA AXEL IRAIDA SABELA

# ESCOLA DE OUTEIRO

E chegou o final de curso! Un curso no que ampliamos plantilla e no que pouco a pouco fomos volvendo a normalidade: no uso de máscaras, nas saídas, na apertura da escola as familias...

Este curso, o proxecto de centro titulouse "OceanoCRÁfico: animais en perigo de extinción. En Outeiro o intentamos abarcar dende todas as perspectivas posibles.

**Dende as actividades na aula**






Nos xogos



Facendo actividades complementarias como "Ti si que es un bo peixe", "Fai clic ao teu bocata", actividades cas familias...



## Nas saídas



E ata nas festas!!



Pero por suposto, fixemos moitas cousas máis! Aquí vos deixamos unhas fotiños das máis destacables. Bo verán a todos/as!



Obradoiros



Experimentos



Plantacións e degustacións do plantado

E reivindicacións!!



# MAR E ARTE

MULLER DO CIRCULO

MENCHU LAMAS



"CANTARTE HEI GALICIA
TEUS DOCES CANTARES
QUE ASÍMO PEDIRON
NA BEIRA DO MARE"

ROSALIA DE CASTRO

"ONDIÑAS VEÑEN
ONDIÑAS VEÑEN E VAN
NON TE EMBARQUES
RIANXEIRA
QUETEVAS A MAREAR"

X. FRIEIRO



MAR PICADO E LUA (1975)
LUIS SEOANE

PEIXEIRA (1952)
CARLOS MASIDE




"EI VEÑEN,
ELVEÑEN,
EI VEÑEN E VAN
SARDIÑAS FRESQUIÑAS
DE POLA MAÑA"
(POPULAR)

SEREA CON ÁS (1946)
URBANO LUGRÍS



"A SEREA... CANDO CANTA
CANTA NO MEDIO DO MAR
OS MARIÑEIROS DAN VOLTA
SÓ POR OÍLA CANTAR"

POPULAR



NATUREZA VIVA. MARUJA MALLO

ME HAN TRAIDO
UNA. CARACOLA
DENTRO LE CANTA
UN MAR DE MAPA
MI CORAZON SE LLENA DE AGUA
CON PECECILLOS DE SOMBRA Y PLATA.
ME HAN TRAIDO UNA CARACOLA."

FEDERICO GARCIA LORCA

SEN TITULO (1963)

ISAAC DIAZ PARDO



"TIVEN MEDO DE VOGAR
TIVEN MEDO DA AUGA CRARA
ANQUE FORA CUNS BOS REMOS
ANQUE FORA A NA
MAR CALMA"

MARIA MARIÑO

"GALICIA DOCEMENTE
ESTA OLLANDO O MAR
TEN VALES E MONTAÑAS
E TERRAS PRA LABRAR"

MANUEL MARIA



"HABITACION VIDRIERA"
M. ANTONIA DANS



SEN TÍTULO (1977)
LAXEIRO
ESCOLA ROSALÍA DE CASTRO
ESCOLA DE CRUCEIRO
"FOMOS FICANDO SÓS
O MAR O BARCO
E MAIS NÓS"
MANUEL ANTONIO

*Os nenos e nenas de Cuvide queremos compartir con vós algunhas das nosas experiencias.*

*Co noso amigo, o pingüín Tintín, mergullámonos en grandes aventuras!*












## Experimentamos....







## Xogamos coas letras e cos números...













## Fixemos obras de arte...







*Pero, sobre todo, divertímonos!!*





















Pero non podemos rematar sen despedir a uns amiguiños e amiguiñas moi especiais que rematan a súa etapa no C.R.A.



**Rodrigo**



**Carlota**



**Niko**



**Daniela**



**Martiño**



**Carla**



**Zoe**

Grazas polos momentos compartidos e por medrar xuntos día a día!

# ESCOLA DE PAZO INFANTIL

O presente curso convertémonos en investigadores do mundo mariño aproveitando que o noso **Proxecto Documental Integrado (PDI)** xira en torno aos mares e océanos e leva como *título* **"Oceanocráfico; estudo e conservación do medio mariño"**.

IDENTIFICAMOS OS OCÉANOS NO GLOBO TERRÁQUEO





VISITAMOS O MUSEO DO MAR DE RIANXO



SIMULAMOS UNHA SUBASTA NA LONXA



# APRENDEMOS COUSAS POR PARTE DAS FAMILIAS QUE TEÑEN PROFESIÓNS LIGADAS AO MAR









# FORMULAMOS HIPÓTESES E CONTRASTÁMOLAS CON EXPERIMENTOS







# O MAR DENTRO DUNHA BOTELLA





## COÑECEMOS O CICLO DE VIDA DOS PEIXES



## COÑECEMOS DIFERENTES ESPECIES MARIÑAS



## COÑECEMOS E MANIPULAMOS AS PARTES DOS PEIXES







## COÑECEMOS ALGÚNS DOS ANIMAIS MARIÑOS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

# ESCOLA DO PAZO
## PRIMARIA

As nenas e os nenos de Primaria da escola do Pazo investigamos sobre a vida de Angeles Alvariño. Unha oceanografa pioneira na estudo do oceano.

Quedamos impresionados cos seus descubrimentos e decidimos investigar curiosidades sobre os nosos peixes favoritos coma ela.



















- Viven en todos os oceanos
- Son oviparos ((Nacen de ovos)).
- Alimentose de medusas
- Pesan 250 Kilos
- Morren porque confunden as medusas con bolsas de plastico
- As femias poñen 300 millons de ovos a vez
- Miden 4 metros de alto e 1 Metro e 50 cm de longo








- Non son peixes. Son equinodermos.
- Comen mariscos.
- Viven en todolos oceanos.
- Cando son atrapados desprendese dun brazo e co tempo volve a nacer
- Teñen 5 brazos. ~~Non teñen~~ cerebro nin corazon.
- Mide de 20 a 30 cm.
  Pesa ata 6 kilos.
- Abaixo teñen a boca e ventosas que se pegan o chan


A balea azul e un mamifero do grupo dos mami cetaceos.
Respira aire fora da auga por dous buratos
Come placton e kril non come seres humanos
mide 26 metros de largo
pesa 120 toneladas e a lingua pesa como un elefante e o corazon pesa como un coche
Vive entre 80 e 90 anos
Estan en periga de extincion por culpa de tanta caza e por culpa da contaminacion
Sargo cabezón
VIVE NA COSTA DE SUDAFRICA
MIDE ATA 75 CENTIMETROS
ESTA EN PERIGO DE EXTINCION PO POLA CONTAMINACION.
EN GALICIA HAI MAIS TIPOS E DE SARGOS.
COMEN MOLUSCOS E OUTROS MARASCOS POR ISO SON TAN SABROSOS
Viven augas frias do Oceano Glacial Artico
Tipo de animal: cetaceo (mamifero)
mide 5 m de longo e 3 m o dente.
pesa 1 tonelada.
Come calamares e crustaceos.
o nome cientefico e monodon monoceros.
Do labio superior saelle un dente parecido a un corno.
NARVAL
PAPÁ
MAMÁ
CABALIÑO DE MAR LISTADO
AS SUAS ALETAS SON DEBILES E PARA DEFENDERSE PODEN CAMUFLARSE
HIPPOCAMPUS ERECTUS
TEN 17 ANEIS ARREDOR DO SEU CORPO E MAIS DE 30 NA COLA
TEN UNHA COROA EN FORMA DE CRESTA
VIVEN ENTRE 1 E 4 ANOS
MIDEN 15 CENTIMETROS.
COMEN CAMARÓNS DIMINUTOS.
VIVEN NO OCEANO ATLANTICO
É UN ANIMAL VULNERABLE POR CULPA DA CONTAMINACION E A PESCA ILEGAL PARA ACUARIOS.
OS MACHOS TEÑEN UNHA BOLSA NO SEU ABDOMEN ONDE A FEMIA METE OS OVOS PARA QUE SE CRIEN DURANTE 20 DÍAS.
HAI 47 ESPECIES DIFERENTES DE CABALIÑOS DE MAR.
PESAR DO SEU ASPECTO ESTÁN RELACIONADOS CON OUTROS PEIXES COMO:
BACALLAO
PEIXE LÚA
ATÚN

Na nosa biblioteca temos moitos libros de animais, pero os que mais nos gustan son os contos de historias mariñas. Que grandes aventuras!
Nós tamén quixemos inventar as nosas historias. Queredes escoitalas?
























Son infinitas as historias que vos quedan por contar.

Que na travesía vos empuxen ventos favorables!

# ESCOLA DE ABUÍN




NESTE CURSO 2021/2022 OS NENOS E NENAS DA ESCOLA DE ABUÍN PROPUXÉMONOS CONTRIBUÍR AO COIDADO DOS NOSOS MARES, E O PRIMEIRO FOI, DESCUBRIR AQUELAS ESPECIES QUE MAIS NECESITAN DA NOSA AXUDA




DESCUBRIMOS QUE O CABALIÑO DE MAR ESPIÑOSO TEN SERIOS PROBLEMAS PORQUE OS PESCAN PARA USALOS COMO ADORNOS OU COMO INGREDIENTES DE REMEDIOS NATURAIS




AÍNDA QUE MOITOS PENSABAMOS QUE OS CORAIS ERAN UNHA PRANTA, DESCUBRIMOS QUE SON UNHA ESPECIE DE ANIMAL MARIÑO QUE SE ATOPA EN PERIGO POLA SUBA DA TEMPERATURA DA AUGA




A VAQUIÑA MARIÑA É VÍTIMA DA PESCA ILEGAL E DO EMPREGO DE ARTES DE PESCA ABUSIVAS COMO O ARRASTRE




EN TODO ESTE PROCESO DE BUSCA DE INFORMACION CHEGAMOS A MOITAS CONCLUSIÓNS, PERO A MAIS IMPORTANTE FOI QUE.......................

## NADANDO XUNTOS, SOMOS MAIS FORTES.

Así, nadando xuntos, desfrutamos dun curso cheo de experiencias e actividades divertidas.



Contacontos da Asociación Avoar



Actividade "Ti si que es bo peixe...."



E xa está aquí.....O Samaín



Entre xogos e merendas celebramos o Magosto, pasamos un día estupendo acompañados das familias



E nun abrir e pechar de ollos, chegaron os Reis Magos cargados de agasallos á nosa escola.





E chegamos ao segundo trimestre, curto pero intenso, cheo de actividades divertidas e de saídas interesantes.



Chegou o Entroido e vestimos as nosas mellores galas...



Homenaxeamos a Rosalía de Castro



Desfrutamos da segunda sesion de bilbioteca

Imos de visita ao Museo do mar.



E sen darnos conta.........chegou o terceiro trimestre.......arrancamos a recta final do curso, algo cansos pero con moitas ganas de seguir aprendendo e divertíndonos



Plantación Voz Natura



Carreira das Letras

Chegamos ao final, un curso, cheo de emocións vivencias e momentos inesquecibles. Voltaremos o curso que ven coa ledicia de recibir aos novos compañeir@s, pero tamén tristes pois despedimos a tres dos nosos amig@s.








Este curso chegou á nosa escola o noso compañeiro Joel. Despois dun curso despedimos ao noso pequeniño que continuará a súa andaina facendo novos amigos nunha nova escola e deixando a súa pegada na escola de Abuín. Moita sorte noso pequeno.






Fai xa tres anos, en Abuín a un pequeno cun sorriso que ilumina as mañás. Hoxe toca despedilo desexándolle que a súa nova aventura estea chea de momentos divertidos e inesquecibles, e que con ese sorriso siga iluminando as mañás de todos aqueles que compartan con el esa aventura.Deixas un anaquiño de ti na nosa escoliña. Moita sorte chico maior.







Fai cinco anos as portas da nosa escola de Abuín abríronse para recibir a unha pequena de sorriso eterno e cheo de dozura. Hoxe, logo dunha fermosa etapa na nosa escola, as portas voltan a abrirse para despedir a esa fermosa pequena convertida xa nunha nena moi especial que hoxe remata a súa etapa aquí convertida nunha rapaza traballadora, responsable pero igual de fermosa e agarimosa.



Desexámosche toda a sorte do mundo nesta nova etapa que hoxe comezas, moita sorte nosa pequena, deixas unha pegada nos nosos corazóns.





2017/2022

# ESCOLA DE RAÑÓ

## A ESFOLLADA







## AS CABAZAS







## O INVERNO


















# O ENTROIDO

# A PRIMAVERA









# O HORTO ESCOLAR










# OCEANOGRÁFICO































# CAIXA VIAXEIRA
























# MERGULLÁMONOS

## NO CURSO 2021-2022

### ESCOLA DE QUINTÁNS

## O VOLCÁN DA PALMA






ACHEGÁMONOS Á REALIDADE VIVIDA NA ILLA DA PALMA.
QUE É UN VOLCÁN? -AS PARTES DUN VOLCÁN -CREACIÓN DO NOSO PROPIO VOLCÁN -A ERUPCIÓN DO NOSO VOLCÁN -DESCUBRIMOS O CINTO DE LUME DO PACÍFICO

## OCEANOCRAFICO






COMEZAMOS O PROXECTO ANUAL COÑECENDO OS 5 OCÉANOS E AS SÚAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS.

PROFUNDIZAMOS NA FIGURA DA OCEANÓGRAFA GALEGA ANGELES ALVARIÑO E NO SEU TRABALLO.








AUGA SEN SAL...NON FLOTA!



AUGA CON SAL...FLOTA!





EXPERIMENTAMOS COA AUGA DOCE E A AUGA SALGADA E DESCUBRIMOS O MAR MÁIS SALGADO DO MUNDO: O MAR MORTO

DESCUBRIMOS QUE UN TIBURÓN BALEA MIDE DE MEDIA UNS 15 METROS E QUE A SÚA BOCA É TAN GRANDE COMO NÓS OS 5 XUNTOS. COMPROBAMOS DE PRIMEIRA MAN CANTO SON 15 METROS NA EXPLANADA DA NOSA ESCOLA E SALTAMOS METRO A METRO OS 15 MESTROS.






INVESTIGAMOS E RECOPILAMOS INFORMACIÓN SOBRE DISTINTOS ANIMAIS MARIÑOS A TRAVÉS DE LIBROS, VÍDEOS E INTERNET.














CREAMOS UN FONDO MARIÑO NUNHA BOTELLA






TRABALLAMOS E INDAGAMOS SOBRE DISTINTOS ANIMAIS EN PERIGO DE EXTINCIÓN E FACEMOS UNHA TARTARUGA LAUD NO AREEIRO










# MANUALIDADES



ARBORES DE NADAL



BANDEIRIÑAS



MONICREQUES



RENOS CON BOTELLAS



CAROUTAS



BOLBORETAS



ESTAMPADO PRIMAVERAL




COLLAGE INVERNO



CACTUS EN BOTES RECICLADOS




DÍA DA NAI/PAI



TARXETAS DE CORAZÓNS CON LA

# FESTEXOS




























## DESPEDIDAS

**TOCA DECIRLLE ADEÚS AO NOSO PEQUERRECHO MAIOR !!!**

**MOITA SORTE THIAGO NESTA NOVA ETAPA DA TÚA VIDA**




Escola de Quintáns

THIAGO 2017 -2022























# MÚSICA
















# ATENCIÓN EDUCATIVA




# VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

COUSIÑAS DE RELIXIÓN **“A LENDA DO NARVAL**



Existe unha lenda sobre a **historia da Arca de Noé** que fala sobre a extinción dos unicornios. Contan que cando xa estaba empezando o Diluvio Noé agardou ata que embarcasen os últimos animais antes de pechar a porta da Arca.



Os unicornios chegaron tarde e non puideron embarcar. Uns din que se extinguiron, pero outros contan que se lanzaron ao mar e se converteron **en narvais, os unicornios mariños**.







Aprendemos que **as lendas** son historias moi antigas que mesturan elementos reais con elementos fantásticos, **non teñen unha base científica** pero están cheas de maxia. O unicornio mariño, o narval, sempre viviu no mar. Esta lenda dounos a oportunidade de coñecelo e traballar a través desta historia a **concienciación na protección e conservación da natureza** que é un dos **valores cristiáns máis importantes.**

Do mesmo xeito dende Reli con esta actividade aportamos o noso gran de area para traballar na nosa aula o proxecto de **Voz Natura**, este ano adicado á conservación dos océanos e os animais mariños en perigo de extinción. **O narval** aínda que non está en perigo de extinción, si é unha especie ameazada polo cambio climático xa que estes animais teñen moi pouca capacidade de adaptación sendo moi fráxiles ante os cambios de temperatura, o quentamento global está destruindo os seus hábitats. Todo isto nos axudou a ententer que os nosos océanos están en perigo debido a accións do ser humano que debemos evitar e corrixir. Rematamos a actividade plasmando en fichas de traballo todo o que aprendemos e debuxamos o noso propio narval:






















Esperamos que vos guste o noso traballo. Os nenos e nenas de Reli queremos desexarvos bo verán a todos e todas. E para @s que estedes interesad@s nesta historia tedes máis información no portal-web do cole no seguinte enlace

https://www.edu.xunta.gal/centros/crarianxo/node/5211

# ART FROM OUR

CAPELA, PAZO, ABUÍN, RAÑÓ AND QUINTÁNS
(PRIMARY EDUCATION BILINGUAL SECTIONS).
SOME OF OUR ARTWORK.



"Chestnut eaters"
for Magosto.










Recycling pots,
planting cacti.

Photo frames
for
"Family Day".





A little bit
of "Scratch-art"
with
Softy wax.







Our Self-portraits.





Paper maché Masks.




Postcards with wool and love for our mothers.





Drawing Landscapes on a sunny day.



Colored salt pots.

SCHOOL YEAR 2021-2022

# ENGLISH CLASS

## 2022 SPECIAL MOMENTS



**ENJOYING PARTIES WITH HANNAH, OUR AUXILIAR FROM USA.**



Thanksgiving memory game







Christmas cookies workshop



Trick or treat?



STUDYING HUMAN BODY WITH PABLO AND AMAYA.



LEARNING SEA ANIMALS WITH HANNAH.



CANDELORIA DAY!

**IT WAS A FANTASTIC SCHOOL YEAR!**

# PHYSICAL EDUCATION
## (BILINGUAL SECTIONS)

# LEARNING WITH HANNAH

















EVERYDAY THERE IS A NEW ADVENTURE

# EDUCACIÓN FÍSICA

Neste curso retomamos as sesións de polideportivo ca colaboración do Club Baloncesto Rianxo









Tamén voltamos a xuntarnos para percorrer as rúas da vila ca nosa carreira das letras








Tanto exercicio merece un descanso!

A gozar os "Praceres do verán"



# TEMPO EN FAMILIA




Compartir tempo en familia, ademais de aportar importantes beneficios no desenvolvemento integral dos nenos/as, é importante para estreitar lazos. Non hai nada máis educativo que pasar tempo en familia xa que non debemos esquecer que esta é o principal axente socializador, principalmente nos primeiros anos.

Algúns dos seus múltiples beneficios son:

- Fomenta a autoestima.
- Xera situacións positivas de apego e aporta seguridade.
- Estimula as habilidades sociais, mellorando as propias relacións sociais.
- Favorece o autocontrol emocional e a empatía.
- Mellora a competencia social.
- Fomenta a creatividade, a imaxinación e a capacidade de razoar.
- Promove a felicidade.

Algunhas propostas de actividades para pasar en familia:

- **Obradoiros:** de cociña, manualidades (pintar con diferentes técnicas, collages, xogar con plastilina, papiroflexia, costura, de reciclaxe, realizar títeres, etc)
- **Actividades ao aire libre:** excursións á montaña, á praia/piscina, visitar un museo, andainas pola contorna, ir ao cine, ir ao circo, concertos musicais, espectáculos de maxia, etc
- **Deportes** como natación, patinar, saltar, correr, nadar, etc



- **Xogos de mesa tradicionais:** parchís, oca, crebacabezas, etc
- **Biblioteca municipal:** frecuentemente oferta actividades familiares como contacontos.
- **Ioga en familia.**

# CARREIRA DAS LETRAS GALEGAS





























# EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO



# ACUARIO
# A CORUÑA













# EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega



IMAXE DE LEANDRO LAMAS